

# SUXERENCIAS E RECOMENDACIÓNS PARA EDUCACIÓN INFANTIL.

Nestes 14 días é importante que os nenos e nenas teñan unhas rutinas. Así, pola mañá aconsellase facer actividades de maior concentración e pola tarde xogar de forma manipulativa. Aínda que se recollen enlaces de internet, lembre evitar, na medida do posible, o uso de pantallas.

Non se trata de realizar unha morea de actividades e saturar aos nenos/as con elas, simplemente debedes escoller as que máis lle podan gustar aos vosos fillos/as, adaptándoas sempre segundo os gustos, capacidades, destrezas, habilidades e intereses de cada un.

## ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER A LINGUAXE ORAL:

- Aprender adiviñas, cancións, rimas , ditos, trabalinguas... Aquí vos deixo algúns enlaces onde atoparedes recursos en lingua galega:  
<http://orellapendella.gal/> (páxina que recompila literatura popular en galego)  
<http://www.youtube.com/user/sonarboretv> (lista de reprodución creada a partir de libro-discos para nenos/as)
- Realizar **lecturas**, pois é importante que lles leades contos e que eles tamén volos “lean” a vos. Tamén podedes contarlle historias

orais ou mesmo inventalas e pedirlle que vos expliquen o que ocorre no conto, quen son as personaxes...

- Xogar as onomatopeias, imitando sons de animais ou obxectos como por exemplo o ruído dunha moto “brrrrrrruuuuuuun”, o son dunha mosca “zzz”...
- Ver libros de imaxes con eles e comentar o que vemos, para ampliar o vocabulario.
- Xogar ao “vexo, vexo”.
- Chamar por teléfono a algún compañeiro da clase para que falen.

### **ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A INICIACIÓN A LECTO ESCRITURA:**

- Buscar letras nos contos, nos xornais, en revistas, en etiquetas, en carteis...
- Xogar a adiviñar que pon, como se escribe...
- Copiar palabras.
- Contar as letras que ten unha palabra.
- Recortar letras para construír o nome propio ou outras palabras.
- Escribir a lista da compra.
- Xogar a dicir palabras que empezan por unha determinada letra.
- Escribir unha historia ou conto e ilustrala con debuxos.

### **ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A LÓXICA MATEMÁTICA:**

- Contar obxectos habituais (froita, xoguetes, pezas de roupa...)
- Buscar números en contos, xornais, revistas, xogos...

- Contar ata onde poidamos.
- Xogar a xogos de mesa: oca, parchís, dominó, baralla de cartas ou outros que teñades na casa.
- Construír quebracabezas.
- Falar da cor das cousas.
- Clasificar obxectos segundo a súa forma, cor, tamaño, textura...
- Marcar números de teléfono para chamar a familiares e amigos.
- Xogar con pinzas da roupa contándoas e agrupándoas por cores.
- Encher e baleirar botes ou botellas de diferentes tamaños con distintos materiais (lentellas, auga, garbanzos) empregando diferentes utensilios (culleres, cunhas, pinzas...)
- Xogar con xogos de construcións e facer torres e series.
- Contar fabas, garbanzos ou outros obxectos cotiás e realizar sumas sinxelas de maneira manipulativa. Exemplo: se eu teño dúas fabas e ti me das dúas máis, cantas teño en total?
- Xogar con conceptos básicos: dentro, fora, arriba, abaixo, alto, baixo, largo, curto, máis que...
- Xogar a buscar, debuxar ou copiar formas xeométricas.

### **ACTIVIDADES MUSICAIS:**

Aprender a cantar cancións, bailalas, relaxarse con elas... son propostas que lle soen gustar aos nenos e nenas. Na rede podedes atopar moitas

cancións de Paco Nogueiras do seu disco Brinca Vai, de Magin Blanco ou Mamá cabra coas que soen desfrutar.

### ACTIVIDADES PLÁSTICAS:

- Recortar con tesoiras fotos, letras, números, caras, obxectos ou xoguetes de folletos publicitarios, xornais, revistas...
- Facer collages.
- Rasgar papel.
- Facer bolas enrugando papel.
- Xogar con plastilina.
- Colorear debuxos.
- Decorar debuxos con adhesivos, selos...
- Pintar con pintura de dedos, pincel, esponxas...
- Facer colares ou pulseiras de la con macarróns.
- Facer un autorretrato mirándose ao espello ou facer un retrato dalgún familiar.
- Visitar algún museo virtual como:  
Museo do Prado de Madrid:  
<https://www.museodelprado.es/en/the-collection/art-works>  
Museo Louvre de París: <https://www.louvre.fr/en/visites-en-ligne>
- Facer manualidades sinxelas. Deixo un enlace no que atopar ideas:  
[https://saposyprincesas.elmundo.es/ocio-en\\_casa/manualidades-para-ninos/](https://saposyprincesas.elmundo.es/ocio-en_casa/manualidades-para-ninos/)

## **ACTIVIDADES PARA FAVORECER A AUTONOMÍA:**

Nestes días podemos traballar hábitos de autonomía, sobre todo os de hixiene, pero tamén os de orde, vestido... Traballaremos autonomía coas tarefas domésticas con actividades como:

- Axudar a preparar o almorzo, a comida ou a cea.
- Poñer e recoller a mesa.
- Axudar a lavar a louza.
- Recoller os xoguetes.
- Poñer e quitar a roupa.
- Calzarse e descalzarse.
- Lavar as mans seguindo as orientacións.
- Lavar os dentes.
- Axudar a tender a roupa.
- Gardar a roupa no armario.
- Axudar a facer a cama.
- Darlle pequenas responsabilidades como coidar das mascotas ou regar as plantas.

## **ACTIVIDADES PARA FAVORECER A PSICOMOTRICIDADE GROSA:**

- Xogar ás agochadas.
- Xogar a agochar obxectos que logo teñan que buscar.
- Xogar a encestar cousas nun cubo ou canastra.
- Xogar a pasarse a pelota.

- Imitar os movementos dos animais: andar a catro patas como un can ou un gato, arrastrarse como una serpe ou unha miñoca, mover os brazos como un paxaro...
- Camiñar como un robot, unha formiga, un canguro...
- Xogar a pillar.
- Xogo libre coa pelota.
- Xogar a saltar coa pata coxa, cos pés xuntos, camiñar de puntillas ou cos tacóns...
- escoitar e bailar cancións relacionadas co corpo.
- Facer algunha coreografía sinxela de zumba con eles.

### OUTRAS ACTIVIDADES LÚDICAS:

- Plantar unha planta.
- Cociñar receitas novas.
- Ver películas en familia.
- Disfrazarse.
- Pintar as uñas.
- Elaborar un diario onde reflexen as actividades que cada día fan debuxándoas ou escribíndoas.